




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Ponteceso.
Parroquias: Santo Adrián de Corme Aldea a metade este, e Nosa Señora dos Remedios de Corme
Porto a oeste. Extensión: 3,43km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Macizo granítico con basculamento norte-sur, o que dá lugar a unha disimetría de vertentes das que esta unidade representa o lado abrupto ou erguido. Iso dá lugar a un sector acantilado convexo de gran potencia. A parte somital do macizo componse unha superficie aplanada con afloramentos e pequenas cubetas e corredores seguindo as liñas de debilidade tectónica. Estas debilidades maniféstanse tamén na fronte acantilada establecendo entrantes e puntas, valgas e cristas. Nas puntas é habitual un descenso notable da pendente, no resto da fronte moi elevada - ademais dunha prolongación en plataforma rochosa. As acumulacións de bloques e cantos ao pé son frecuentes.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio do granito hercínico "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado. Existen diques pegmo-aplíticos en Punta de Eiras e O Roncudo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por riba de 14°C e precipitacións acumuladas medias entre 1200mm e 1400mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Dominio case absoluto dos leptosóis líticos, debido ao escarpado das vertentes e os continuos afloramentos rochosos. Un pequeno sector no extremo occidental, preto da Punta do Roncudo presenta cambisóis dístricos.


AS AUGAS

Esta franxa litoral caracterízase pola alternancia de cantís con superficies de debilidade que forman enseadas, e cara ás que se canalizan os pequenos arroios que compoñen a rede fluvial. Destaca o arroyo de Sonaras, ao oeste da unidade. A masa de Augas Costeiras da zona é a vinculada á Punta do Roncudo, a 20134.

O PATRIMONIO NATURAL

Metade oriental da unidade e vertentes baixas da occidental encóntrase no LIC Costa da Morte. Zona incluída no inventario de áreas de importancia para as aves (IBA "Costa da Morte". Fronte acantilada co hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos, xunto ao 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Importancia do hábitat de mato existente nas vertentes: o 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Interesantes hábitats hidromorfos de valga: breixos húmidos do hábitat 4020, breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix; pasteiros hidromorfos do hábitat 6420, prados húmidos do Molinion-Holoschoenion" e 6430, megaforbios higrófilos; áreas turfófilas, hábitats do grupo 71, "Turbeiras acedas de esfagnos"; e bosques ripícolas, hábitat 91E0. Hábitat rochoso do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, moi extendidos polos afloramentos existentes no macizo.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade que se alarga seguindo a liña acantilada do norte da Punta do Roncudo, presenta tan só unha reducida área na que se aprecian os usos antrópicos. Nas inmediacións da aldea do Roncudo sucédense os cultivos e prados, combinándose nos seus arrabaldes con formacións arbóreas de piñeiral e bosques mixtos. O resto da unidade presenta unha cobertura vexetal homoxénea, asociada ás matogueiras acidófilas atlánticas, e interrompida unicamente por estreitas orlas de vexetación higrófila nas valgadas dos arroios. Ademais, esta costa acantilada é obxecto do tipo de marisqueo identitario da costa da Morte e cuxo produto é un dos máis valorados economicamente: a recollida de percebes.

MORFOLOXÍA

No centro sur da unidade atópase, como único asentamento de poboación, a aldea do Roncudo, comunicada a través dunha estrada municipal co núcleo urbano de Corme, situado ao sur. A ausencia de poboación caracteriza ao resto desta área escarpada da Costa do Roncudo, restrinxíndose aquí a influencia antrópica aos viarios de servizo do parque eólico e aos muros de pedra do parcelario tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A baixa densidade de poboación limita a existencia de infraestruturas de mobilidade na zona. Á parte da estrada mencionada no punto anterior só existen os viarios que, polas cimas das elevacións montañosas, dan acceso e servizo ao parque eólico que ocupa o límite meridional da unidade e os camiños tradicionais que permanecen abertos.


PATRIMONIO HISTÓRICO

A falta de asentamentos de poboación desta unidade derivase do seu histórico despoboamento, xa que nela, apenas se recoñecen depósitos arqueolóxicos. Neste sentido, cabe citar os petróglifos do Castro, situados no monte Campaíña. Ademais destes, os muros de pedra que delimitaban o parcelario tradicional do monte, constitúen un elemento patrimonial de gran valor, ao ser unha referencia das paisaxes rurais propios desta zona.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe desta unidade é un destacado exemplo dos grandes cantís e relevos agrestes que caracterizan este tramo costeiro. Trátase dunha liña costeira recortada e moi batida polo océano. Cara ao interior, destaca a proximidade das cimas dos montes ao mar, así como os vigorosos afloramentos graníticos, que dan constancia dos procesos erosivos sufridos por este relevo. As masas arbustivas de matogueira acidófila atlántico esténdese por esta área formando un manto homoxéneo, salpicado de pequenas agrupacións arbóreas, ripícolas ou de plantación nas valgadas. Ao sur, nas zonas máis chairas da unidade, estableceuse o único núcleo de poboación, rodeado dunha pequena área de influencia na que aparecen usos como os prados e cultivos, ou mesmo as coberturas vexetais de arboredo autóctono.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os grandes cantís convexos que identifican a esta unidade a converten nunha das paisaxes máis enérxicas deste sector costeiro, caracterizado ademais pola proximidade das elevacións montañosas á liña de costa, polos afloramentos graníticos e por estar recubertas dun denso manto de vexetación arbustiva ante a ausencia de aproveitamentos antrópicos actuais. A rigurosidade do clima e a proximidade a un mar moi axitado, engaden a esta paisaxe unha importante compoñente dramática, en relación coas numerosas lendas da zona. O alto valor natural da área, incluída dentro das zonas ZEPA e LIC da Costa da Morte, incrementan a súa importancia paisaxística. Considerando a accesibilidade, determináronse dous puntos de observación situados en cadansúa base de aerogeradores do parque eólico. Desde aquí obsérvanse as ladeiras acantiladas e parte dos cantís rochosos: a parte oriental desde o Monte de Alve e a occidental desde o do Tordeiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa*
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve*
- Toponimia de costa / Toponimia de costa*
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |










Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



